

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

*RESOLUCIÓN do 29 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 14 de outubro de 2021 polo que se aproba o Plan de salvamento en praias de Galicia (Sapraga).*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 14 de outubro de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1. Aprobar o Plan de salvamento en praias de Galicia (Sapraga).
2. Ordenar a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Para dar cumprimento ao punto 2 do devandito acordo,

RESOLVO:

Proceder á publicación do Plan de salvamento en praias de Galicia (Sapraga) que se anexa á presente resolución.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2021

Santiago Villanueva Álvarez  
Director xeral de Emerxencias e Interior

ANEXO

**Plan de Protección Civil de Salvamento en Praias de Galicia (Sapraga)**

Fundamentos.

As competencias municipais sobre a vixilancia e limpeza de praias derivan do establecido no artigo 115.d) da Lei 22/1988, de costas, conforme o cal as competencias municipais abarcan o mantemento das praias nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, así como a vixilancia da observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.



Baixo esa premisa, as autoridades de Protección Civil da Xunta de Galicia elaboraron o primeiro Plan de salvamento en praias de Galicia (Sapraga) en colaboración cos concellos costeiros da Comunidade, que foi aprobado pola Comisión Galega de Protección Civil o 14 de decembro de 1995 e publicado pola Resolución no DOG do 18 de xaneiro de 1996.

O Plan Sapraga fundamentábase na cooperación das administracións autonómica e local, cooperación baseada en convenios de colaboración entre ambas as administracións polo que a Xunta de Galicia, a través da autoridade competente en materia de protección civil, cedía aos concellos diferente material de salvamento e formaba o persoal a través da Academia Galega de Seguridade; así mesmo, ofrecía a infraestrutura do CECOP para a mobilización de medios, tanto propios como alleos, e deste xeito garantir a seguridade nas praias.

Pola súa parte, os concellos comprometíanse a realizar as infraestruturas necesarias nas praias (torres de vixilancia, casetas, etc.) e a dispoñer dun número de socorristas axeitado ás necesidades de cada praia.

No plan Sapraga participaban directamente as agrupacións de voluntarios de protección civil dos concellos galegos onde se aplicaba o plan, a través do voluntariado de Protección Civil.

A colaboración non só se establecía cos concellos costeiros senón tamén con aqueles que contaban con praias fluviais e esta é demandada polos usuarios.

Baixo estas premisas, o plan foi renovado e actualizado no ano 2001.

Tendo en conta os cambios organizativos na Xunta de Galicia, coa creación da Axencia Galega de Emerxencias, así como a publicación de novas normativas, especialmente a publicación da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, e o Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, considérase conveniente proceder á súa actualización e revisión.

Tras case 20 anos de aplicación do plan, procédese á súa actualización e revisión.

#### 1. Marco legal.

A normativa en que se basea o presente plan é a seguinte:



- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 39/1994, do 30 de decembro, e pola Lei 11/1999, do 21 de abril.
- Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas (modificada pola Lei 2/2013).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil.
- Real decreto 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a norma básica de protección civil.
- Resolución do 2 de agosto de 2010 pola que se publica o Plan territorial de emerxencias de Galicia (en diante, Platerga).
- Orde do 31 de xullo de 1972 pola que se ditan normas e instrucións para a seguridade humana en lugares de baño.
- Lei orgánica 4781, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio.
- Decreto 107/1993, do 16 de decembro, polo que se aproban as directrices subrexionais de ordenación do territorio para a franxa costeira.
- Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de augas.
- Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño (transposición da Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño.
- Decreto 63/2021, do 22 de abril, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.



- Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Ordenanzas municipais e regulamentos de servizo de salvamento en praias dos concellos de Galicia, como por exemplo Oleiros, Ferrol, Laxe, Carballo, etc.

## 2. Marco competencial.

Corresponde aos concellos vixiar a observancia nos lugares de baño das normas e instrucións para a seguridade humana. No obstante, a Xunta de Galicia colabora cos concellos mediante:

- A cesión de material de prevención e rescate.
- A formación a través da Academia Galega de Seguridade.
- A mobilización de medios alleos á praia, en caso de emerxencia, a través do CIAE112.

## 3. Obxecto e ámbito.

### Obxecto.

É obxecto do Plan Sapruga garantir a cobertura das emerxencias que poidan xurdir nas zonas de baño da Comunidade Autónoma, establecendo os procedementos de comunicación e coordinación cos servizos de prevención e socorrismo para emerxencias ordinarias e a súa integración no Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no caso de emerxencias extraordinarias.

Por tanto intégrase no Platerga, que se activará no nivel que corresponda en cada caso.

Ademais, na parte de análise de risco, clasifica as zonas censadas en función da afluencia e perigosidade, determinando os medios e recursos mínimos de protección e os contidos mínimos do Plan de prevención e seguridade.

### Ámbito.

O Plan Sapruga actívase con carácter estacional durante a época estival.



As augas de baño, conforme o Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión de a calidade das augas de baño, defínense como calquera elemento de augas superficiais onde se prevexa que poida bañarse un número importante de persoas ou exista unha actividade próxima relacionada directamente co baño e no cal non exista unha prohibición permanente de baño nin se formulase unha recomendación permanente de absterse deste e onde non exista perigo obxectivo para o público.

Estas augas de baño están incluídas no censo oficial e contrólanse desde a Consellería de Sanidade.

Tendo en conta o marco competencial en materia de praias, a adhesión ao presente plan ten carácter voluntario para os concellos que teñan augas de baño censadas no Servizo Galego de Saúde, Sergas.

A adhesión é anual, e para iso, con anterioridade ao comezo da tempada, o Concello deberá comunicar á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior as praias que se adhiren.

Poderán adherirse cantas praias estean no censo, as cales deben contar con servizo de socorrismo e Plan de prevención e seguridade segundo se determina neste plan.

#### 4. Funcións básicas.

Os obxectivos do plan céntranse en dúas liñas:

- Preventiva.
- Reactiva ou de actuación operativa, garantindo a interfase co Plan territorial de emerxencias de Galicia, Platerga.

Obxectivos específicos.

- Previr o afogamento e outras situacións de risco de accidentes nas praias.
- Asegurar o rescate de bañistas en perigo de afogamento.
- Garantir a asistencia sanitaria aos usuarios das praias e a evacuación ao centro sanitario en caso necesario.
- Determinar os medios e recursos necesarios para reducir o risco.



## 5. Definicións.

**Afluencia:** estimación da densidade de usuarios dunha praia, praia fluvial, sector ou zona marítima de baño, ponderado en momentos de media marea nas datas de máximo uso anual, calculados con referencia ao ano anterior e actualizado anualmente.

**Ameaza:** situación en que persoas e bens preservados pola protección civil están expostos en maior ou menor medida a un perigo inminente ou latente.

**Balizamento:** delimitación mediante dispositivos (balizas) da zona de baño con respecto a outra zona de uso para actividades náutico-deportivas.

**Grao de protección:** determínase para as praias perigosas e libres e é o resultado da combinación do perigo e a afluencia e facilita determinar os medios e recursos de cada praia, praia fluvial, sector de praia ou zona de baño marítima.

Pode variar ao longo do ano e en función disto tamén varían os medios e recursos.

**Outras zonas de baño marítimo:** aquelas balizadas como tales, así como os lugares públicos de baño na zona de mar contigua ás praias ou a outros lugares de costa en que o baño non estea expresamente prohibido pola Administración competente. Cando non exista balizamento, entenderase que a dita zona abrangue a franxa de mar contigua cun largo de 200 metros desde a praia e de 50 metros desde o resto da costa.

Inclúense no concepto doutras zonas de baño marítimas as piscinas naturais en que o baño non estea expresamente prohibido, entendidas como aquelas que se atopan situadas xunto ao seu medio natural e a auga de alimentación do vaso ou vasos é costeira e se renova polo movemento natural das mareas.

**Perigo:** potencial de ocasionar dano en determinadas situacións a colectivos de persoas ou bens que deben ser preservados pola protección civil.

**Praia:** de conformidade coa Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e o Regulamento xeral de costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, son zonas de depósito de materiais soltos, tales como areas, gravas e seixos, incluíndo escarpas, bermas e dunas. Estas últimas inclúense ata o límite que resulte necesario para garantir a estabilidade da praia e a defensa da costa.



**Praia de uso prohibido:** as que así veñan determinadas pola autoridade competente e que por razón das súas características supoñan un grave perigo para a vida humana. Non se poderán utilizar para o exercicio do baño nin para actividades recreativas ou deportivas, xa sexa na súa contorna acuática ou terrestre.

**Praia fluvial:** a superficie do terreo comprendida entre a liña das baixas augas dos ríos e aquela onde chegan estas, ordinaria ou naturalmente, no seu maior incremento. Para efectos do plan consideraranse as zonas de baño de augas continentais que estean no censo oficial.

**Praia libre:** as praias non comprendidas nos puntos anteriores. Poderanse utilizar para o baño, deportes náuticos e demais actividades de tipo recreativo, conforme a normativa vixente para eles.

**Praia perigosa:** a que por razóns permanentes ou circunstanciais reúne condicións susceptibles de producir dano ou ameaza inmediata á vida humana. Poderase tolerar o seu uso con limitacións e adoptando as medidas de seguridade que, en cada caso, se consideren necesarias.

**Risco:** é a posibilidade de que unha ameaza chegue a afectar colectivos de persoas ou bens.

**Vulnerabilidade:** a característica dunha colectividade de persoas ou bens que os fan susceptibles de ser afectados en maior ou menor grao por un perigo en determinadas circunstancias.

**Zona de baño marítima:** aquela zona balizada como tal, así como os lugares públicos de baño na zona de mar contigua ás praias ou a outros lugares de costa en que o baño non estea expresamente prohibido pola Administración competente. Cando non exista balizamento, entenderase que a dita zona abrangue a franxa de mar contigua cun largo de 200 metros desde a praia e de 50 metros desde o resto da costa.

Inclúense no concepto doutras zonas de baño marítimas as piscinas naturais en que o baño non estea expresamente prohibido, entendidas como aquelas que se atopan situadas xunto ao seu medio natural e a auga de alimentación do vaso ou vasos é costeira e se renova polo movemento natural das mareas.



Zona primaria: espazo da lámina de auga, en praia ou zona de baño marítima con vixilancia activa constante ao pé da praia ou desde as cadeiras ou torres de vixilancia, nos horarios de prestación do servizo.

Zona secundaria: espazo contiguo á lámina de auga ou zona de baño, area ou solaina, dentro do espazo da praia, praia fluvial ou zona de baño marítima.

Zona terciaria: accesos e espazos próximos á area ou solaina, accesos, avenidas ou paseos contiguos á praia, praia fluvial ou zona de baño marítima.

## 6. Plans de prevención e seguridade das praias.

É competencia do concello a elaboración e aprobación do plan de prevención e seguridade naquelas praias que deban dispoñer del.

A criterio de cada municipio, os plans de prevención e seguridade poderán elaborarse para varias ou para todas as praias e outras zonas de baño, e poden agruparse nun único ou en varios documentos. Así mesmo, cando unha praia se sitúe en dous concellos, poderán elaborar un único plan de prevención e seguridade.

Os plans de prevención e seguridade serán aprobados polo pleno do concello e revisarase periodicamente cada catro anos ou antes se as circunstancias de afluencia ou perigo varían significativamente, sen prexuízo das modificacións puntuais ou de aspectos determinados que por outras circunstancias poidan producirse. Así mesmo, deberá ser actualizado todos os anos antes da tempada de verán.

No caso de que o concello ao cal pertenza a praia dispoña de plan de emerxencia municipal, o plan de prevención e seguridade quedará integrado nel.

### Análise do risco.

#### 1. Información territorial.

Esta epígrafe foi redactada con información recollida no Plan de ordenación do litoral e no Náyade.


#### A costa.

A costa do litoral galego presenta notables particularidades de tipo bioxeográfico, derivadas da súa peculiar forma e articulación. A súa apertura moi recortada cara ao océano,





con fortes variacións orográficas, presenta unha serie de formas e microformas realmente grande: tramos de cantís, zonas areosas ou lacustres, rías amplas ou pequenas. Estudado a gran escala, o litoral ofrécesenos moito máis variado do que, a simple vista, parece. Comprende dúas zonas con diferentes características: a das Rías Altas, que vai desde Ribadeo ata Fisterra, e as Rías Baixas, que se prolonga mesmo ata a desembocadura do río Miño, cunha lonxitude total de 1.498 km de costa. No Plan de ordenación do litoral distínguense os seguintes grandes sectores:



*Fonte: Plan de ordenación do litoral.*

**Mariña Lucense:** diferéncianse dous espazos distintos marcados polo relevo: o que se estende entre Ribadeo e Burela e o que se alonga desde este lugar ata a ría de Viveiro. No primeiro domina unha ampla planicie costeira que aparece flanqueada cara ao sur por un conxunto de elevacións de certa altitude. No segundo, a existencia de bandas paralelas de rochas metamórficas orientadas de norte a sur dá lugar a un relevo de vales e interfluvios que, na fachada litoral, orixinan numerosos entrantes e saíntes.

**Rías Altas:** alóganse entre a ría de Viveiro e a ría de Ferrol. Neste tramo atópase unha costa acantilada máis abrupta, na cal se abren enseadas ou rías debido ao diferente comportamento do rochedo ante a erosión e á combinación litoloxía/rede de fracturación. Consta de sete sectores: ría de Viveiro, ría do Barqueiro, costa de Bares e Picón, ría de Ortigueira, A Capelada, ría de Cedeira e costa Norte de Ferrol. Esténdese desde a enseada de Coído, no extremo nordés exterior da ría de Viveiro, ata o cabo Prioriño Chico, límite norte da ría de Ferrol.

CVE-DOG: rczth6k9-6x61-4jd7-fr8-m6aqsfoa15x9



**Golfo Ártabro:** desde a ría de Ferrol ata a da Coruña esténdese un conxunto de rías pequenas que enlazan co interior mediante un conxunto de vales fluviais polos cales discorren. Consta de tres sectores: Ría de Ferrol, Ría de Ares e Betanzos, e Ría da Coruña. Os límites que definen este espazo de gran cohesión territorial e intensa humanización veñen establecidos polo cabo Prioriño ao nordés e polo Cabalo, na costa de San Pedro na Coruña, ao suroeste.

**Arco Bergantiñán:** trátase dun ámbito de costa aberta en forma de arco cara ao norte caracterizado pola horizontalidade das terras que se estenden cara ao interior e por ter unha fronte costeira en que se encadean amplos areais no medio de costas acantiladas. Contén catro sectores internos, o máis occidental completamente insular, que se denominan, de leste a oeste: Costa de Caión, Seo de Baldaio, Costa de Malpica e Illas Sisargas.

**Costa da Morte:** desde o cabo de Santo Adrián ata o monte Louro esténdese unha costa variada, lixeiramente ondulada, na cal se unen pequenas rías con estuarios como o do río Anllóns, e amplos areais, flanqueados por tramos de cantís que presentan unha gran diversidade de formas. Ten varios sectores: Costa de Santo Adrián a Roncudo, Ría de Corme e Laxe, costas de Traba e Vilán, Ría de Camariñas, costas de Touriñán e Fisterra, Seo de Corcubión, Costa do Pindo ao Monte Louro.

**Rías Baixas:** ao sur do monte Louro e ata cabo Silleiro, aparecen as rías baixas. As de Muros e Noia, Pontevedra e Vigo son alongadas e estreitas, mentres que a de Arousa é máis aberta e extensa.

Os sectores internos divídense en: Ría de Muros e Noia, Costas do Son e Corrubedo, Ría de Arousa, Ría de Pontevedra, Ría de Aldán e Costa da Vela, Illas atlánticas exteriores, e Ría de Vigo. Os límites que enmarcan a unidade son a Punta do Carreiro en Muros, ao norte, e o lugar de Carral (Cabo Silleiro), ao sur, no municipio de Baiona.

**Costa Sur:** ao sur de Baiona esténdese un tramo de litoral rectilíneo que se divide en dúas partes ben diferenciadas: a primeira alóngase de norte a sur, como un corredor estreito entre o mar e as aliñacións de elevacións costeiras de Serra do Argallo e Serra da Groba, e o segundo comprende a desembocadura e o curso inferior do río Miño, desde Tui ata a punta de Santa Tegra, e é unha costa de marismas e amplas chairas fluviais. Contén por tanto dous sectores: Cabo Silleiro-A Guarda e Baixo Miño. Os límites localízanse en Carral (Cabo Silleiro) ao norte e o porto de Goián ao sur.



Praias fluviais.

Galicia conta con moitos lugares acondicionados para o baño, o lecer e o descanso en contornas fluviais de gran calidade paisaxística. Presentan grande diversidade, desde praias con areal e zona de baño ata piscinas feitas na beira do río aproveitando as súas augas, algunhas con piscinas naturais creadas pola forza da erosión contra rochas e outras, naturais no propio leito do río. Destacan pola súa afluencia as seguintes:

Praia da Calzada en Ponte Caldelas, no río Verdugo, que conta con bandeira azul.

Praia da Antena en Ourense, con grande afluencia pola proximidade da cidade.

Praia da Madalena en Vilalba, con area máis que aceptable e espazos para o baño ben delimitados e protexidos. Esta praia no río Madalena conta xunto a ela cun amplo parque e con piscinas municipais ao aire libre.

Parque náutico de Castrelo de Miño, que conta con varias praias e, ademais, permite a práctica de deportes acuáticos.

Praia de Prada, na Veiga, con excelente calidade das augas.

Praia de Allariz, no río Arnoia.

Praia de Perdices, en Entrimo, no parque natural do Xurés, no río Casal.

Praia de Chaián, en Trazo, tamén con grande afluencia pola proximidade á capital de Galicia.

Praia de Tapia, en Ames, na cal, ademais, se atopa o club de piragüismo do mesmo nome.

Praia da Freixa, en Pontearreas, no río Tea.

Praia de Pozo do Boi en Lalín, no río Deza, baixo a Serra do Candán, entre as parroquias de Laro e Vilatuxe.

Praia do Malecón no Barco de Valdeorras, xunto ao paseo do Malecón do Barco de Valdeorras.



Praia de Navia de Suarna, nos Ancares.

No seguinte enderezo atópanse todas as zonas de baño censadas en Galicia para o ano 2021.



[https://extranet.sergas.es/zonabaweb/ZONABA\\_GIS\\_WEB/Mapa.aspx?Idioma=es&IdPaxina=62539](https://extranet.sergas.es/zonabaweb/ZONABA_GIS_WEB/Mapa.aspx?Idioma=es&IdPaxina=62539)

Clasificación sanitaria anual, calculada cos resultados dos controis das catro últimas tempadas, segundo o indicado no Real Decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño

- ▲ Marítima excelente  
  ▲ Marítima boa  
  ▲ Marítima suficiente  
  ▲ Marítima insuficiente  
  ▲ Marítima sen calificar  
 ◆ Continental excelente  
  ◆ Continental boa  
  ◆ Continental suficiente  
  ◆ Continental insuficiente  
  ◆ Continental sen calificar  
 ● Prohibición permanente do baño  
  ● Pech temporal da zona de baño

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública.

## 2. Risco e zonificación do territorio.

Os perigos que poden xerar unha situación de emerxencia nas praias son:

- Actividades deportivas e recreativas (dentro e fóra da auga).
- Afluencia excesiva de usuarios.
- Comportamentos dos usuarios no baño.
- Condicións mariñas: mareas, ondas, correntes.
- Condicións meteorolóxicas: tormenta eléctrica, choiva, vento, néboa.
- Contaminación dentro e fóra da auga.



- Efectos do sol.
- Fauna mariña e terrestre.
- Infraestruturas perigosas (tobogáns, plataformas, parques acuáticos).
- Orografía.
- Pesca próxima.
- Tráfico de vehículos.

As consecuencias deste tipo de riscos son as seguintes:

- Afogamento (fatal e non fatal).
- Cadros convulsivos (epilepsia, ataque histérico, convulsión febril).
- Intoxicación (drogas, alcol, estupefacientes).
- Lesións producidas por calor (insolación, golpe de calor, queimadura).
- Lesións producidas por frío (hidrocución, hipotermia).
- Obstrución de vía aérea.
- Picadura (peixe, insecto, outros animais).
- Trastorno circulatorio (síncope, hemorraxia, parada cardíaca).
- Traumatismo (cranio-encefálico, columna vertebral, escordadura, luxación, fractura, contusión, ferida).
- Outras posibles.
- Persoas perdidas.
- Problemas de seguridade cidadá.

Con todo, o risco non está presente en todas as praias na mesma medida senón que é función da afluencia de usuarios e do perigo, determinado polas características físicas de cada a zona, que inclúen:



- Factores na zona seca: area, rochas, penedos, cantís... valorando que poidan ou non xerar algún problema para os usuarios, cortes, mazaduras. Tamén a presenza de vexetación, animais e os accesos, instalacións ou servizos con que conta.

- Factores na zona de auga: existencia ou non de foxos, bancos de area, emisarios, rochas.... Presenza de fauna mariña, medusas ou peixes pezoñosos que poden ser perigosos para os bañistas. Presenza de ondas, correntes, mareas, vento, temperatura da auga.

O factor que máis reduce o perigo dunha praia é a existencia de servizo de prevención e socorrismo, bo coñecedor das súas características e en constante vixilancia, o que evita accidentes e, por tanto, reduce tamén o número de intervencións.

Atendendo a estes factores, para as praias en que o uso non estea prohibido, conforme o anexo III do plan, establécense as seguintes categorías:

Categoría 1.

Praias cunha afluencia masiva durante a época estival.

Categoría 2.

Praias con afluencia moderada e perigosidade media ou baixa.

Categoría 3.

Praias con baixa afluencia e perigosidade media ou baixa.

Matriz de risco

		Perigosidade		
		Alta	Media	Baixa
Afluencia	Alta	1	1	1
	Media	1	2	2
	Baixa	2	3	3



As praias de categoría 1 e 2 deberán contar con plan de prevención e seguridade.

As praias de categoría 1 deberán contar con Servizo Público de Prevención e Socorrismo e é tamén aconsellable nas praias de categoría 2.

Estrutura e organización.

#### 1. Dirección.

A dirección do Plan Sapruga corresponde ao director xeral de Emerxencias e Interior ou persoa en quen delegue.

Serán funcións do director do Plan Sapruga:

- Adoptar as decisións que aseguren o bo funcionamento do plan.
- Seguimento e avaliación de todas as actuacións do plan.
- Garantir o enlace co Plan territorial de emerxencias de Galicia, Platerga.
- Asegurar a coordinación cos plans de salvamento marítimo de seguridade no mar e loita contra a contaminación.

#### 2. Comité asesor.

Actuarán como membros do comité asesor os seguintes membros da Comisión Galega de Protección Civil:

- Os directores xerais ou persoal en que deleguen (con categoría mínima de subdirector xeral), con competencia en saúde pública, ambiente, turismo, Administración local e mar.
- O representante da Fundación Pública Urxencias Sanitarias 061.
- O representante da Axencia Galega de Emerxencias.
- Un representante da Fegamp.
- O representante do voluntariado de protección civil.
- O representante da Cruz Vermella.



Ademais, poderán incorporarse por solicitude do director do plan expertos de administracións, organismos e institucións representativas no ámbito do rescate acuático.

Este Comité Asesor terá como funcións:

- Asesorar e informar o director do Sapruga en todos aqueles temas que sexan obxecto do plan.
- Avaliar o seguimento do Sapruga.

O Comité Asesor reunirse antes do comezo da campaña e tras o remate, e cando sexa necesario a xuízo do director do plan.

### 3. Gabinete de información.

Dependendo directamente do director do Sapruga, está o Gabinete de Información, integrado polo persoal de prensa do CIAE112. Será o responsable de elaborar e transmitir a información que xere o plan e estará en coordinación co gabinete de prensa da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

### 4. Sala de Control Operativo (Sacop).

Desde o Sacop realizaranse as tarefas encamiñadas fundamentalmente á coordinación e, se é o caso, á mobilización dos medios e recursos en situacións de emerxencia extraordinaria.

O Sacop estará coordinado polo técnico de garda do Sistema integrado de emerxencias de Galicia e, para exercer ás súas funcións, conta co CIAE112, que atenderá as demandas en caso de emerxencias ordinarias, segundo os protocolos.

O CIAE112 tamén actuará como centro de referencia doutras centrais de atención ou xestión de chamadas establecidas nos diferentes plans sectoriais e mesmo os plans de seguridade das praias.

### 5. Servizo Público de Prevención e Socorrismo.

Para os efectos da adhesión ao plan Sapruga, establécese que nas praias de categoría 1 deberá haber servizo de prevención e socorrismo, e é aconsellable tamén naquelas praias de categoría 2. Estará constituído polo conxunto dos equipos humanos e medios





materiais, así como por todas aquelas medidas organizativas, de planificación e operativas de seguridade e protección previstas no Plan de prevención e salvamento de praias.

O Servizo Público de Prevención e Socorrismo estará formado por persoal coa formación regulada no Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

As funcións do Servizo serán as seguintes:

A) Previr accidentes ou situacións de emerxencia:

- Revisar a zona de baño público segundo a normativa aplicable para determinar as medidas de vixilancia no espazo acuático natural e de prevención de riscos.
- Seleccionar os medios materiais de rescate e materiais auxiliares.
- Informar o usuario das normas que se deben cumprir na zona de baño público para garantir a convivencia e a seguridade.
- Vixiar a zona de baño público de forma sistemática e periódica para anticiparse ao accidente ou situación de emerxencia e manter as condicións de seguridade.
- Preparar o equipamento de uso persoal no desenvolvemento da vixilancia para poder ser identificado con facilidade polos usuarios.

B) Rescatar persoas en caso de accidente ou situacións de emerxencia:

- Identificar as condicións da situación de emerxencia considerando as características dos usuarios, o espazo acuático natural e a zona de baño público para decidir a intervención inmediata de acordo co protocolo establecido.
- Executar as habilidades e técnicas de nado adaptándoas ás condicións do espazo acuático natural.
- Rescatar o accidentado desde a beira efectuando a aproximación, control, traslado e extracción e trasladando á vítima segundo o seu estado, para recuperalo, ata lugar seguro.



- Rescatar o accidentado con embarcacións ou motos náuticas de salvamento e trasladar vítima segundo o seu estado para recuperalo ata lugar seguro.

- Aplicar técnicas de comunicación co accidentado, cos equipos que interveñen na situación de emerxencia, presentes ocasionais e cos acompañantes da vítima, para proporcionar seguridade e confianza durante a asistencia.

C) Asistir como primeiro interviniente en caso de accidente ou situación de emerxencia:

- Buscar signos de alteracións orgánicas, segundo os protocolos establecidos para a valoración inicial do accidentado.

- Asistir o accidentado con manobras de soporte ventilatorio e/ou circulatorio básico, para manter ou recuperar as constantes vitais, conforme protocolos establecidos.

- Prestar a atención inicial ao accidentado aplicando os primeiros auxilios iniciais en situacións de emerxencia que non impliquen unha parada cardiorrespiratoria, para manter as constantes vitais segundo o protocolo establecido.

- Aplicar as técnicas de mobilización e inmovilización do accidentado e, se for o caso, intervindo cos primeiros auxilios, para asegurar o posible traslado.

- Intervir con técnicas de comunicación e apoio emocional ao accidentado, familiares e implicados na situación de urxencia seguindo os protocolos establecidos, para facilitar a asistencia, traslado e minimizar os riscos.

O Servizo Público de Prevención e Socorrismo de praias disporá das instalacións, material, equipamento, sistemas de comunicación e embarcacións de salvamento que lle correspondan segundo os criterios determinados no anexo V.

Horarios de prestación do servizo.

Nas praias en que exista o Servizo Público de Prevención e Socorrismo, os horarios que con carácter xeral terá cada tempada adecuaranse ás particularidades da contorna, condicións meteorolóxicas e afluencia prevista; con todo, os horarios de servizo mínimo serán de 12.00 a 20.00, durante os meses de xullo e agosto, e en xuño e setembro poden adaptarse os horarios cos criterios sinalados.



O Servizo Público de Prevención e Socorrismo estará coordinado directamente polo responsable municipal.

#### 6. Interfase co Platerga.

O Plan Sapruga é un plan sectorial de carácter preventivo e operativo a través do cal se atenderán as emerxencias ordinarias no espazo das praias. En caso de emerxencia extraordinaria, por proposta do técnico de garda do Sistema integrado de emerxencias de Galicia, e logo de valoración do risco pola Axencia Galega de Emerxencias e o director xeral de Emerxencias e Interior, activarase o Platerga no nivel que corresponda, activando os grupos operativos que sexan necesarios e quedando nese momento integrado o servizo público de prevención e socorrismo da praia no grupo de intervención do Platerga.

#### Operatividade.

O Sapruga actívase o 1 de xuño e permanece activado ata o 30 de setembro de cada ano. A activación supón a incorporación paulatina dos servizos públicos de salvamento en praias e o desenvolvemento das funcións previstas neste plan e nos plans de prevención e seguridade en praias que se redacten ao abeiro do Plan Sapruga, así como a apertura da aplicación do Sapruga no CIAE112.

Ao comezo da tempada, o concello deberá dar conta das praias que contarán con servizo público de prevención e socorrismo, data de comezo e data prevista de finalización do servizo.

Os servizos executarán as súas funcións baixo a supervisión do responsable municipal, e, ao finalizar a xornada, deberán cubrir o informe de incidencias.

Toda a información referida a situacións de emerxencia que se reciba no CIAE112 xestionarase segundo os protocolos establecidos. No caso de emerxencias extraordinarias, o técnico de garda valorará a información recibida e propondrá a activación, se for o caso, do Platerga no nivel que corresponda.

Para efectos da actuación do técnico de garda, non implicarán a activación do Platerga as emerxencias localizadas nunha ou varias praias e controladas mediante a resposta dos socorristas e cos seus propios medios.




Tampouco implicarán a activación do Platerga aquelas emerxencias ordinarias que requiran a mobilización de medios e recursos dentro do seu ámbito territorial. Trátase daqueles casos en que, partindo dunha situación que en principio pode ser atendida polo servizo da praia, a evolución desfavorable deriva na solicitude de mobilización de medios alleos. Estes medios alleos poden incluír mobilización de medios sanitarios, medios de intervención, etc. e tamén policía local ou outras forzas de seguridade por emerxencias derivadas de seguridade cidadá e/ou de incumprimento das normas vixentes.

Ben por solicitude do servizo público de prevención e socorrismo da praia, ben pola valoración realizada no CIAE 112 por mor dunha chamada, desde o CIAE112 procédese á mobilización de medios alleos para controlar a emerxencia segundo os protocolos.

Para emerxencias de carácter extraordinario que impliquen mobilización de medios pertencentes a distintas institucións e de ámbito territorial amplo, o técnico de garda informará o director do plan e o xerente da Axencia Galega de Emerxencias para valorar o risco e a conveniencia de activar o Platerga nun nivel determinado.

Sen prexuízo do anterior, o alcalde, no ámbito das súas competencias, poderá activar o plan de emerxencia municipal (nivel 0 do Platerga) cando o considere necesario, informando da activación o nivel inmediatamente superior do Platerga a través do CIAE112.





CVE-DOG: rczth6k9-6x61-4jd7-fnr8-m6aqsf0a15x9



Implantación e mantemento.

1. Implantación do plan.

Unha vez aprobado o plan, a consellería competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias e o resto de organismos e departamentos implicados na súa operatividade desenvolverán todas as actuacións necesarias para a súa implantación e o posterior mantemento da súa operatividade.

Enténdese por implantación do plan o conxunto de accións que se deben desenvolver nunha primeira fase, co fin de que o plan sexa un documento plenamente operativo e coñecido por todos os recursos que deben de intervir na emerxencia.

A implantación consta das seguintes fases:

- Difusión do plan.
- Verificación da infraestrutura do plan.
- Formación dos organismos implicados.
- Información á poboación.

Tras a entrada en vigor do plan, o proceso de implantación iniciarase coa distribución deste a todos os organismos e institucións implicadas. Para iso, a dirección xeral competente en materia de protección civil procederá a efectuar esta remisión a todos os concellos de Galicia a través da Federación Galega de Municipios e Provincias.

A medida que se vaian elaborando os plans de prevención e seguridade, cada municipio comprobará a suficiencia e a idoneidade do servizo público de salvamento.

Así mesmo, os programas de formación impartidos pola Academia Galega de Seguridade, actualizaranse co obxecto de incluír a formación relativa ao plan.

Corresponde a cada concello a dotación do servizo público de socorrismo, conforme os criterios establecidos no Plan Sapruga. O alcalde do municipio, máxima autoridade en Protección Civil no seu concello, velará para que o concello conte cos medios e cos recursos necesarios para o desempeño das súas funcións.



O CIAE112 manterá actualizado o catálogo de medios e recursos e o directorio telefónico dos organismos adscritos a este plan.

## 2. Mantemento da operatividade do plan.

Unha vez finalizada a fase de implantación, o plan pasará á fase de mantemento da operatividade.

Enténdese por mantemento da operatividade do plan o conxunto de accións encamiñadas a garantir que os procedementos de actuación previstos nel permanecen vixentes co paso do tempo, como son:

- Comprobacións periódicas.
- Formación permanente.
- Realización de exercicios e simulacros.
- Revisión e actualización do plan.

A formación do persoal implicado recollida na fase de implantación debe ser un labor continuado.

Para asegurar que a operativa descrita no plan continúe vixente, débense organizar exercicios ou simulacros en coordinación co resto dos organismos implicados.

As actualizacións dirixiranse basicamente á incorporación de modificacións de carácter ordinario e con relación a aspectos tales como dispoñibilidade e asignación de recursos, adecuación de procedementos operativos, adecuación dos sistemas e medios de comunicación, dos sistemas informáticos aplicados á xestión da emerxencia, actualización na catalogación das praias e no censo das zonas de baño.

As revisións están dirixidas á reestruturación do plan con relación a cambios destacables nos contidos deste, motivados por causas técnicas ou de ordenación administrativa ou legislativa. As revisións poden dar lugar a unha nova tramitación do plan.

## 3. Información á poboación.

Dentro da fase de implantación e, en especial, na fase de mantemento da operatividade, deberá seguirse unha política informativa para a divulgación do plan entre a po-



boación, co fin de facilitar a familiarización desta coas medidas de protección recollidas nel.

A devandita política informativa irá orientada a dar información sobre os riscos nas zonas de baño, e será unha información de tipo preventivo e na liña de conseguir unha concienciación da poboación informando a poboación sobre as medidas de autoprotección e de protección necesarias en casos de emerxencia. Destes xeito preténdese evitar as emerxencias e, no caso de que se produzan, dar a coñecer as actuacións que se deben levar a cabo.

Entre as medidas de autoprotección que se deben divulgar, atópanse as seguintes:

- Atenda as indicacións do socorrista e os avisos de perigo.
- Observe as bandeiras, se están dispoñibles, e as ondas antes de entrar na auga:
  - Verde: bonanza: praia aberta ao baño; a auga e as condicións meteorolóxicas son seguras para nadar.
  - Amarela: perigo: os bañistas deben tomar precaucións porque a auga e/ou as condicións meteorolóxicas están a cambiar.
  - Vermella: prohibición absoluta de baño porque as condicións da auga e/ou meteorolóxicas son perigosas e poden poñer en perigo a vida.
- Coñeza as condicións do lugar e onde e cando é seguro bañarse.
- Evite períodos excesivos de exposición ao sol.
- Procure bañarse en zonas vixiadas e coñeza a localización do servizo.
- Non entre subitamente na auga despois de estar ao sol. Entre a modo e molle a caluga e os pulsos.
- Se non sabe nadar, báñese onde a auga non cubra máis arriba da cintura.
- Non utilice o colchón ou flotador para afastarse da beira.





• En días de vento non se bañe con colchóns nin tente seguir os balóns que poidan introducirse no mar.

• Non sobreestime a súa capacidade.

• Non se afaste demasiado da praia.

• Procure nadar acompañado.

• Nade ao longo da praia.

• Pida ou faga sinais de auxilio se o necesita.

• Se se sente arrastrado por unha corrente:

◦ Permaneza tranquilo e non tente nadar contra corrente.

◦ Nade paralelamente á praia ata saír da corrente e, unha vez fóra dela, nade directamente cara á beira.

• Non se bañe cando:

◦ Teña comido en abundancia.

◦ Estea moi fatigado.

◦ Non se atope ben.

• Saia da auga inmediatamente:

◦ Se ten calafríos persistentes.

◦ Se nota sensación de fatiga.

◦ Se ten proídos no ventre ou brazos.

◦ Se ten vertixe ou z Unidos nos oídos.

◦ Se nota malestar ou non se atopa ben.



- Lembre que saber nadar non elimina o risco de afogamento.
- Se ve alguén en perigo de afogamento, analice a situación, manteña a calma e pida axuda.

### ANEXO I Censo de zonas de baño

O ministerio competente en materia de sanidade mantén e coordina o sistema Náyade, desenvolvido mediante unha aplicación informática a través da internet. O sistema pon ao dispor da cidadanía información sobre todas as praias marítimas e continentais censadas no ámbito nacional e europeo. A xestión a nivel autonómico deste sistema de información é realizada polo Servizo de Sanidade Ambiental da Dirección Xeral de Saúde Pública, que facilitou a seguinte lista de zonas censadas para a tempada 2021, punto de mostraxe e clasificación sanitaria:

Concello	Zona de baño-punto de mostraxe	Código PM EUROSTAT	Tipo de auga	Clasificación sanitaria
Ames	Río Tambre-Tapia	ES11100002C15002A3	Continental	Excelente
Ares	Ares	ES11100004M15004B1	Marítima	Excelente
	Chanteiro	ES11100004M15004c1	Marítima	Excelente
	Raso-Seselle	ES11100004M15004A1	Marítima	Excelente
Arteixo	Alba-Sabón	ES11100005M15005I1	Marítima	Excelente
	Area Grande de Suevos	ES11100005M15005G1	Marítima	Excelente
	Barrañán	ES11100005M15005J1	Marítima	Excelente
	Combouzas	ES11100005M15005F1	Marítima	Excelente
	Porto de Suevos	ES11100005M15005H1	Marítima	Excelente
	O Reiro	ES11100005M15005C1	Marítima	Excelente
	A Salsa-Repibelo	ES11100005M15005E1	Marítima	Excelente
	A Ucha	ES11100005M15005D1	Marítima	Excelente
	Valcovo	ES11100005M15005B1	Marítima	Excelente
Bergondo	Gandarío esquerda	ES11100008M15008A2	Marítima	Excelente
	Gandarío dereita	ES11100008M1500A1	Marítima	Excelente
	O Pedrido esquerda	ES11100008M15008B1	Marítima	Boa
	O Pedrido dereita	ES11100008M15008B2	Marítima	Boa



Concello	Zona de baño-punto de mostraxe	Código PM EUROSTAT	Tipo de auga	Clasificación sanitaria
Boiro	Barraña	ES11100011M15011J1	Marítima	Excelente
	Barraña Saltiño	ES11100011M15011K3	Marítima	Excelente
	Carragueiros	ES11100011M15011B1	Marítima	Excelente
	Ladeira do Chazo	ES11100011M15011D1	Marítima	Excelente
	Mañóns	ES11100011M15011A1	Marítima	Excelente
	Piñeirón	ES11100011M15011H1	Marítima	Excelente
	Portomouro	ES11100011M15011F1	Marítima	Excelente
	Retorta	ES11100011M15011E1	Marítima	Excelente
	Ribeira Grande	ES11100011M15011G1	Marítima	Excelente
Cabana de Bergantiños	Rebordelo	ES11100014M15014A1	Marítima	Excelente
Cabanas	A Magdalena	ES11100015M15015A1	Marítima	Boa
	Chamoso	ES11100015M15015B1	Marítima	Boa
Camarías	A Areiña Branca	ES11100016M15016E1	Marítima	Excelente
	Area Longa	ES11100016M15016I1	Marítima	Excelente
	Arou	ES11100016M15016G1	Marítima	Excelente
	Lingunde	ES11100016M15016A1	Marítima	Excelente
	Lobeiras	ES11100016M15016C1	Marítima	Excelente
	O Ariño	ES11100016M15016D1	Marítima	Excelente
	O Lago	ES11100016M15016F1	Marítima	Excelente
Carballo	Arnados	ES11100019M15019E1	Marítima	Excelente
	Pedra do Sal	ES11100019M15019D1	Marítima	Excelente
	Razo	ES11100019M15019A1	Marítima	Excelente
	Ría de Baldaio	ES11100019M15019C1	Marítima	Excelente
	Saíñas	ES11100019M15019B1	Marítima	Excelente
Cariño	Basteira	ES11100901M15901H1	Marítima	Excelente
	Figueiras	ES11100901M15901E1	Marítima	Excelente
	Fornos	ES11100901M15901B1	Marítima	Excelente
